



 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	GREEN CAMPUS FERROL 	 Green Campus
--	---	---

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN

DATA: 2 xuño 2017 LUGAR: Vicerreitoría Campus Ferrol	HORA DE INICIO: 10.00h. HORA DE FINALIZACIÓN: 12.00h.
ASISTENTES: Vicerreitora do Campus de Ferrol e R. S., Araceli Torres Miño Director UDC Saudable, Sergio Santos del Riego Coordinadora Green Campus Industrial Ferrol, M. José Brión Sobrido	
ORDEN DO DÍA: 1) Plan Acción Programa Campus Green 2) Valoración para a solicitude de Campus Green ao Campus de Ferrol	
ACORDOS ADOPTADOS: 1. Elaboración dun documento borrador do plan de acción do programa Green campus de Ferrol, según os obxetivos estratéxicos da Universidade. 2. Constitución do Comité Ambiental coa participación dos centros do campus de Ferrol e de todos, Estudiantes, PDI e PAS. 3. Presentación ao Comité Ambiental do borrador do plan de acción. LEVANTASE A SESIÓN AS 12.00H.	

Coordinadora Green Campus Industrial Ferrol.  Fdo: María José Brión Sobrido	Vicerreitora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social  Vº Bº: Araceli Torres Miño Data: 2 xuño 2017
---	---

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	GREEN CAMPUS INDUSTRIAL FERROL 	 <small>Green Campus</small>
---	--	--

ACTA DA CONSTITUCION DO COMITÉ AMBIENTAL

DATA: 13 SETEMBRO 2017	HORA DE INICIO: 10.45h.
LUGAR: Vicerreitoria Campus Ferrol	HORA DE FINALIZACIÓN: 12.00h.
<p>ASISTENTES: Vicerreitora do Campus de Ferrol e R. S., Araceli Torres Miño Director UDC Saudable, Sergio Santos del Riego Coordinadora Green Campus Industrial Ferrol, M. José Brión Sobrido Escola U. Politécnica; Isabel Fernández Ibañez F. CC Traballo, Alfonso Gomis Rodríguez F. Humanidades, Manuela del Pilar Santos Pita F. Enfermería e Podoloxía, Carmen Coronado Carvajal Escola Politécnica Superior: Sonia Zaragoza Fernández e Sonia Bouza Fernández</p>	
<p>ORDEN DO DÍA:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Constitución do Campus Green 2) Información para a solicitude de Campus Green ao Campus de Ferrol 	

ACORDOS ADOPTADOS:

1. Elaboración dun documento borrador do plan de acción do programa de cada centro, según os obxetivos estratéxicos da Universidade, para incorporar ao Campus Green
2. Constitúese o Comité Ambiental .
3. Presentación ao Comité Ambiental do borrador da auditoria ambiental.
4. Visita ao campus o día 27 de Ana Montero, secretaria de ADEAC.
5. Xornada Green Campus en Coruña o día 28.

LEVANTASE A SESIÓN AS 12.00H.

Coordinadora Green Campus Industrial
Ferrol.



Fdo: María José Brión Sobrido

Vicerreitora do Campus de Ferrol e de
Responsabilidade Social



Vº Bº: Araceli Torres Miño

Data: 13 de setembro de 2017



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



ACTA DA REUNIÓN DO COMITÉ AMBIENTAL

DATA: 11 de xuño de 2018

HORA DE INICIO: 12:00

LUGAR: Vicerreitoría Campus Ferrol

HORA DE FINALIZACIÓN: 13:10

ASISTENTES:

Araceli Torres Miño
Carmen Coronado Carvajal
Isabel Fernández Ibáñez
Alfonso Gomis Rodríguez
Sonia Zaragoza Fernández
Sonia Bouza Fernández
M^a Jesús Caínzos López
Ana Isabel Ares Pernas

Manuel Soto Castiñeira

Excusan su asistencia:

Manuela del Pilar Santos Pita
Pilar Comesaña Pérez
Antonio Domingo García Allut
Vicente Díaz Casas


ORDEN DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da ampliación da Constitución do Comité Ambiental do Green Campus Ferrol e o seu regulamento.
2. Valoración e aprobación, se procede, da Auditoría Medioambiental Interna.
3. Sesión de traballo sobre o deseño do Plan de Acción co apoio de Manuel Soto, director da OMA-UDC.
4. Quenda aberta de intervencións.

ACORDOS ADOPTADOS:

1. Apróbase a ampliación da Constitución do Comité Ambiental do Green Campus Ferrol e o seu regulamento. Anexo I
2. Apróbase a Auditoría Medioambiental Interna. Anexo II
3. Acórdase fixar unha próxima reunión do Comité ambiental GCF para o próximo 18 de xullo de 2018 para aprobar o Plan de Acción. Cada centro elaborará a acción detallada no borrador do devandito plan presentado pola coordinadora. Anexo III

Coordinadora Green Campus Ferrol



Fdo: Carmen Coronado Carvajal

Vicerrectora do Campus de Ferrol e de
Responsabilidade Social



Vº Bº: Araceli Torres Miño



ACTA DE CONSTITUCIÓN DO COMITÉ AMBIENTAL DO PROGRAMA GREEN-CAMPUS

A. DATOS XERAIS

DATA DE CONSTITUCIÓN DO COMITÉ AMBIENTAL	11 de xuño de 2018		
NOME COMPLETO DO CENTRO	Campus Universitario de Ferrol		
UNIVERSIDADE Á QUE PERTENCE	Universidade da Coruña		
DIRECCIÓN	Rúa Dr. Vázquez Cabrera, s/n. Campus de Esteiro, 15403 Ferrol		
PROVINCIA	A Coruña	CÓDIGO POSTAL	15403
TELÉFONO	881013800	FAX	881023657
E-MAIL	greencampus.ferrol@udc.es		

B. MEMBROS DO COMITÉ

NOME	EN REPRESENTACIÓN DE	SINATURA
Araceli Torres Miño	Vicerreitora do Campus de Ferrol	
Carmen Coronado Carvajal	Facultade de Enfermaría e Podoloxía	
Isabel Fernández Ibáñez	Escola Universitaria Politécnica	
Alfonso Gomis Rodríguez	Facultade de Ciencias do Traballo	
Manuela del Pilar Santos Pita	Facultade de Humanidades	
Pilar Comesaña Pérez	Facultade de Humanidades	
Antonio Domingo García Allut	Facultade de Humanidades	
Sonia Zaragoza Fernández	Escola Politécnica Superior	
Sonia Bouza Fernández	Escola Politécnica Superior	
Vicente Díaz Casas	Escola Politécnica Superior	
M ^a Jesús Cainzos López	Servizos centrais e apoio ao estudo	
Nos en Esteiro	Cafetería do campus	
Xan Rodríguez Silvar	Sociedade Galega de Historia Natural	
Ana Isabel Ares Pernas	Escola Universit. de Deseño Industrial	

En Ferrol a 11 de xuño de 2018



Oficina de Medio Ambiente
Vicerreitoría de Planificación
Económica e Infraestruturas
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



REGULAMENTO COMITÉ AMBIENTAL PARA O PROGRAMA GREEN CAMPUS FERROL

Obxectivo:

- Mellora ambiental da contorna universitaria, con especial atención á contorna física, social e natural e á comunidade universitaria, promovendo un clima de participación e cidadanía.

Membros:

- Calquera membro da comunidade universitaria do centro ou relacionada co centro poderá participar neste comité ambiental de forma gratuíta.
- O comité contará cun Presidente ou Presidenta e un Secretario ou Secretaria que asistirán ás reunións do comité e poderán designar as subcomisións que sexan necesarias.
- O centro establecerá os criterios sobre a periodicidade de renovación dos membros do comité e rotación de cargos.

Reunións:

- Celebrarase unha reunión anual xeral.
- Celebraranse reunións de coordinación cunha periodicidade mínima de 4 reunións anuais ou por curso.
- As reunións convocaranse con dez días de antelación á data de celebración das mesmas. As convocatorias serán públicas.
- Elaborarase unha acta de cada reunión de coordinación que será remitida aos asistentes por correo electrónico ou posta á súa disposición na web.....

Votacións:

- Fomentarase o consenso como método de toma de decisións, á condición de que sexa posible.
- A Presidencia terá dereito a voto de calidade en caso de empate nunha votación.
- En caso de non asistir o Presidente ou Presidenta a unha reunión, o comité decidirá por consenso, ou maioría de 2/3 quen actuará en calidade de Presidente/a durante esa reunión.

Funcións:

- Son funcións da presidencia e da secretaría convocar as reunións, establecer a orde do día tendo en conta as propostas de todos os membros do comité, e redactar a acta da reunión. Por acordo, estas funcións poden recaer noutros membros do comité.
- Son funcións do Comité Ambiental:
 - Coordinar a realización dunha análise da situación de partida en materia ambiental do centro e a súa contorna, mediante o cuestionario de ecoauditoría proporcionado por ADEAC.
 - Elaborar anualmente un Plan de Acción, no que se establezan os obxectivos, a metodoloxía a aplicar, os recursos dispoñibles, as persoas responsables e, no seu caso, unha temporalización, para a posta en práctica de accións e iniciativas que supoñan unha concienciación e mellora ambiental do centro e da súa contorna.
 - Elaborar unha proposta de Declaración Ambiental para ser adoptada polos órganos de dirección do centro.
 - Realizar unha avaliación continua e redactar unha memoria de síntese sobre a aplicación do Plan de Acción e o grao de cumprimento dos obxectivos de Greencampus.